



SERVICIOS

www.cigservizos.org

CIG INFORMA

OS PERMISOS RETRIBUÍDOS COMEZAN A COMPUTAR NO PRIMEIRO DÍA EN QUE HAXA OBRIGA DE TRABALLAR

O Tribunal Supremo mudou a súa doutrina sobre cal é o día de inicio dun permiso retribuído.

Nunha sentenza ditada o 13 de febreiro de 2018, o Tribunal Supremo fai unha nova interpretación do artigo 37.3 do Estatuto dos traballadores, que regula o descanso semanal, festas e permisos. Dado que a norma di que “*o traballador poderá **ausentarse** do traballo con dereito a remuneración*”, o Tribunal entende que o primeiro día de permiso non pode ser un día en que a persoa non teña a obriga de traballar, pois en tal caso non se produce a **ausencia**.

Polo tanto, se o día en que se produce o feito que dá lugar ao permiso (o “feito causante”) non é un día en que a persoa teña que traballar, o permiso non comeza até o día laborábel seguinte, Polo tanto o día de inicio non pode ser nun día libre, senón que debe ser o primeiro día de traballo que teña a persoa despois do feito causante.

Esta interpretación do TS é aplicábel a todos os sectores, e tamén para as persoas que traballan a quendas, tendo a consideración de día feriado os días libres que teñan os traballadores e traballadoras en réxime de quendas no seu calendario ou cadrante de traballo.

Na **CIG** consideramos que se deben revisar os días de permiso efectivos á luz desta sentenza, para estudar a posibilidade de reclamar os días non gozados no último ano.

Para que se entenda a importancia que ten esta nova doutrina, aquí van uns exemplos:

1. Unha vez rematada a túa xornada laboral, comunícanche que teu pai sufriu un grave accidente, polo que tes dereito a dous días de permiso. Pois ben terás dereito aos dous días naturais seguintes de permiso, se tiñas a obriga de traballar.
2. Unha vez rematada a túa xornada laboral comunícanche que teu pai sufriu un grave accidente, polo que tes dereito a dous días de permiso, pero o día seguinte estabas de libranza. Pois ben, terás dereito aos dous días seguintes despois do día libre.
3. O mesmo pasaría cos permisos de casamento, que comezarían a contar dende o primeiro día de traballo que tiveras a partir da voda.